



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2023-9

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

4 de Maio de 2023

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

10:45

Hora de Finalización

11:12

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

ANTONIO VAZQUEZ COSTA
JOSÉ LUIS SANTIAGO RODRÍGUEZ
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 25.04.2023 (ACTA 2023/8)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º. APROBACION DO PADRON DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI) DE NATUREZA URBANA DO EXERCICIO 2023.

Seguidamente pasóuse a dar conta do padrón cobratorio do imposto sobre bens inmobles (IBI) de natureza **urbana** do exercicio de **2023** confeccionado polo Ministerio de Hacienda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

1º. Aprobar o padrón cobratorio do imposto sobre bens inmobles (IBI) de natureza **urbana**, para o presente exercicio de **2023**, nos termos nos que se atopa redactado.

2º. Expor ó público o devandito padrón a efectos de reclamacións polos interesados durante o prazo regulamentario.

3º. APROBACION DO PADRON DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI) DE NATUREZA RUSTICA DO EXERCICIO 2023.

Seguidamente pasóuse a dar conta do padrón cobratorio do imposto sobre bens





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

inmobles (IBI) de natureza **rústica** do exercicio de **2023** confeccionado polo Ministerio de Hacienda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

1º. Aprobar o padrón cobratorio do imposto sobre bens inmobles (IBI) de natureza **rústica**, para o presente exercicio de **2023**, nos termos nos que se atopa redactado.

2º. Expor ó público o devandito padrón a efectos de reclamacións polos interesados durante o prazo regulamentario.

4º. APROBACION DO PADRON DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI) DE CARACTERISITICAS ESPECIAIS (BICES) DO EXERCICIO 2023.

Seguidamente pasouse a dar conta do padrón cobratorio do imposto sobre bens inmobles (IBI) de **características especiais (BICES)**, do exercicio de **2023** confeccionado polo Ministerio de Hacienda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

1º. Aprobar o padrón cobratorio do imposto sobre bens inmobles (IBI) de **características especiais (BICES)**, para o presente exercicio de **2023**, nos termos nos que se atopa redactado.

2º. Expor ó público o devandito padrón a efectos de reclamacións polos interesados durante o prazo regulamentario.

5º. APROBACION DOS PADRONS COBRATORIOS DO PRIMEIRO CADRIMESTRE DO 2023: DA TAXA DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA E DO CANON DA AUGA DA XUNTA DE GALICIA.

O Sr. alcalde pon en coñecemento dos concelleiros asistentes á sesión que polo Servizo de Recaudación da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, en base ós datos facilitados polo Concello da lectura dos contadores correspondentes, confeccionáronse os Seguintes padróns:

- Da **Taxa** do subministro domiciliario de auga potable no núcleo de Castrelo do Val correspondente ó **primeiro cadrimestre** do **2023**

- Do **Cánon** da Auga da Xunta de Galicia, polo consumo de auga efectuado polos usuarios do servizo de suministro que presta este Concello correspondente ao **primeiro cadrimestre** do **2023**.

Logo de examinar os devandito padróns, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes **ACORDA:**





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

1º. Aprobar o padrón da Taxa por subministro de auga potable do **primeiro cadrimestre do 2023**, de data **maio do 2023**, que consta de **237** recibos, unha base impositiva de **1.772,20** euros, IVE por importe de **177,28** euros, e un importe total de **1.949,48** euros.

2º. Aprobar o padrón do Canon da Auga da Xunta de Galicia, polo consumo de auga efectuado polos usuarios do servizo de suministro que presta este concello, correspondente ao **primeiro cadrimestre do 2023** que ascende a **1.684,68** euros.

(O Concello de Castrelo do Val, en virtude do establecido no artigo 48 do Decreto 136/2.012, do 31 de maio, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, polo que se aproba o Regulamento do Canon da auga, está obrigado a repercutir e recadar dos seus abonados ao servizo de suministro de auga o Canon da auga, e autoliquidar o importe a Augas de Galicia.) Total Padróns cobratorios: **3.634,66** euros.

3º. Expoñer ó público por prazo de 15 días estes padróns, mediante anuncio que se publicará no **BOP** e que se exporá no taboleiro de edictos do Concello, para que durante este prazo poidan examinalo e formular alegacións contra o mesmo ás persoas interesadas.

4º. Período de pagamento voluntario: o prazo de cobramento en período voluntario destes padróns, será de **dous meses** contados a partir do día seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Ourense, e realizarase a través do Servizo de Recadación da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, situado na Rúa do Castro, 4. baixo. 32600 Verín (Ourense).

6º. CERTIFICACION NUM. 1 DA OBRA "MELLORA DE CAMIÑO DA PONTE EN NOCEDO DO VAL", DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2022-2023, (PLAN MARCO MR701E).

O Sr. Alcalde, lembra aos presentes a **subvención** concedida por Resolución da **Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)**, de data **10 de xuño de 2022**, dentro do **Plan de mellora de camiños municipais 2022-2023 Plan Marco**, para a obra **"Mellora do camiño da Ponte en Nocedo do Val"** (Expte. PM22-0129, código de procedemento **MR701E**)

A continuación, pasa a dar conta ós presentes da **certificación núm.1, liquidación** da devandita obra denominada **"Mellora do camiño Travesía do Poulón, no Concello de Castrelo do Val"**, do **Plan de mellora de camiños municipais 2022-2023**, cofinanciada pola Xunta de Galicia, por un importe total de **26.741,00 euros**, suscrita pola directora das mesmas, **María Cristina Sabariz Rúa**.

Examinada a mesma e atopada conforme, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO. Aprobar a referida **certificación núm. 1, liquidación** da obra denominada **"Mellora do camiño da Ponte en Nocedo do Val"**, do **Plan de mellora de camiños municipais 2022-2023**, cofinanciada pola Xunta de Galicia, por un importe total de **26.741,00 euros**, suscrita pola directora das mesmas, **María Cristina Sabariz Rúa**, nos termos nos que





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

se atopa redactada.

SEGUNDO. Recoñecer e liquidar a obriga derivada da súa aprobación, a favor do adxudicatario da obra; consecuentemente, **aprobar a factura núm. A/1 de Extravial, Obras y Servicios, S.L. de data 03.05.2023** correspondente á devandita certificación núm. 1, liquidación da obra "**Mellora do camiño da Ponte en Nocedo do Val**", por importe de **26.741,00 euros**.

TERCEIRO. Consecuentemente, **aprobar a conta xustificativa da axuda que se concedeu polo AGADER; como queira que:**

- **Tomouse razón na contabilidade** municipal da axuda descrita no encabezamento.
- **Cumpríuse a finalidade** para a que foi concedida a subvención.
- **O Concello non conta con ningunha outra subvención** concedida de calquera orixe e natureza para a mesma finalidade, agás a que se está a xustificar neste expediente
- **Cumpríuse coa normativa** aplicable en materia de **contratos do sector público**, en particular coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; e a actuación conta coas **autorizacións sectoriais esixibles e é conforme có Planeamento urbanístico municipal**.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

